

CONVOCATORIA DE CONTRATOS PARA A FORMACIÓN POSDOCTORAL Procedemento para a formulación da Oferta de Prazas da USC

No Boletín Oficial do Estado de 31 de Decembro de 2013 publicouse a convocatoria de **“axudas para a formación posdoctoral”** no marco do Plan Estatal de Investigación Científica e Técnica e de Innovación 2013-2016.

1. PRAZO DE PRESENTACIÓN DAS SOLICITUDES

O prazo para a cumprimentación e sinatura, **polo investigador candidato**, do formulario electrónico de solicitude do Ministerio será do día 12 de febreiro ao 24 de febreiro de 2014, **ás 15,00 horas (hora peninsular)**.

As solicitudes dos investigadores entregaranse, xunto coa documentación indicada mais abaixo, na Oficina de Investigación e Tecnoloxía (campus de Santiago/Lugo), antes das 14 horas do día 25 de febreiro de 2014.

2. COFINANCIAMENTO

Segundo a actual convocatoria os contratos que se formalicen terán que ser cofinanciados anualmente por un importe igual á diferenza entre o financiamento do ministerio e o custo real do contrato. A Xunta de Galicia expresou o seu compromiso de cofinanciar todos os contratos que se formalicen.

3. REQUISITOS DOS CANDIDATOS

Os investigadores candidatos deberán reunir os requisitos establecidos no artigo 42 da convocatoria <http://www.boe.es/boe/dias/2013/12/31/pdfs/BOE-A-2013-13832.pdf>

Non obstante, deberase ter en conta o seguinte:

1. O investigador candidato soamente poderá solicitar a incorporación nun centro de I+D distinto a aquel no que realizou a súa formación predoutoral. A estes efectos considerase como centro no que realizou a formación predoutoral aquel no que desenvolveu, de xeito principal, o programa de doutoramento, entendéndose este como o conxunto de actividades de investigación conducentes á adquisición das competencias e habilidades necesarias para a obtención do título de doutor.
2. Un mesmo investigador unicamente poderá ser incluído como candidato na solicitude dun Centro de I+D.

3. Cada investigador que actúe en representación dun equipo de investigación soamente poderá participar nunha única solicitude.
4. O investigador candidato deberá estar en posesión do grao de doutor nunha data igual ou anterior á de publicación da resolución de concesión.

Cando concorran algunhas das situacións que se citan no artigo 42 da convocatoria aplicarase unha ampliación da data límite para a obtención do grao de doutor sempre que os períodos de interrupción derivadas de tales situacións se teñan producido entre a data de peche do prazo de cumprimentación do formulario de solicitude, e o día un de setembro de 2009.

5. Non ter presentado solicitude de participación ás axudas Ramón y Cajal, na presente convocatoria, á data 6 de febreiro de 2014.
6. Non ter sido beneficiario dunha axuda das convocatorias anteriores do programa ou subprograma Juan de la Cierva ou Ramón y Cajal.

4. PROCEDIMENTO DE PRESENTACIÓN DE PROPOSTAS

O INVESTIGADOR CANDIDATO deberá:

A.-CUMPRIMENTAR o formulario electrónico de solicitude empregando os medios telemáticas que o Ministerio pon á súa disposición no seguinte enderezo:

<http://www.idi.mineco.gob.es/portal/site/MICINN/menuitem.791459a43fdf738d70fd325001432ea0/?vgnextoid=fc053d664fff2410VgnVCM1000001d04140aRCRD&vgnnextchannel=11f35656ecf ee310VgnVCM1000001d04140aRCRD&vgnnextfmt=formato2&id3=a9053d664fff2410VgnVCM100001d04140a>

anexando electronicamente a seguinte documentación:

1. Currículo vitae do candidato. Se cumprimentará empregando o currículo en formato Currículo Vitae Normalizado (CVN) a través da páxina web <https://cvn.fecyt.es/>, xenerando preferiblemente a versión en inglés.
2. Historial científico-técnico dos últimos cinco anos do equipo de investigación no que se integrará o candidato con especial referencia aos méritos do investigador que actúe en representación do mesmo.. O equipo de investigación será o composto polo persoal investigador que desenvolva a liña ou liñas de investigación na que se integrará o candidato. Deberá incluír a capacidade formativa pre e posdoutoral do equipo así como aquelas actividades ou programas formativos que se desenvolven no seo do mesmo. Cumprimentarase, preferiblemente en inglés, empregando o modelo

dispoñible para este subprograma na web do Ministerio de Economía e Competitividade.

3. Copia do pasaporte en vigor, unicamente no caso dos cidadáns estranxeiros non residentes en territorio español
4. Título de doutor ou certificación académica, onde figure indicación expresa da data na que se obtivo o grao de doutor.

Os solicitantes que se acollan aos supostos de interrupción contemplados no artigo 42.1.c) ou que acrediten un grao de minusvalía igual ou superior ao 65% de acordo co artigo 42.1.a), deben facelo constar no formulario de solicitude e achegar documento acreditativo.

B.- ACHEGAR, á Oficina de Investigación e Tecnoloxía (Campus de Santiago/Lugo) **antes das 14 horas do día 25 de febreiro de 2014**, os documento que xenere automaticamente a aplicación telemática.

MOI IMPORTANTE. A documentación anterior será entregada xunto co documento indicado a continuación que pode atopalo no seguinte enderezo electrónico :
http://imaisd.usc.es/ftp/oit/documentos/1416_gl.doc

- Aceptación de presentación da axuda

4. CONSULTAS

Para consultar calquera dubida sobre a convocatoria poderá poñerse en contacto:

Consultas de carácter xeneral:

MINECO: 902 21 86 00/ 91 4 959 554

OIT-USC: Extensións **16215, 16213**

Consultas de carácter informático: 916 038 220

A Vicerreitoría de Investigación e Innovación quere agradecer a todos os investigadores a súa comprensión e colaboración neste proceso, confiando poidan entender que os requirimentos establecidos soamente pretenden asegurar o cumprimento das esixencias establecidas polo Ministerio na convocatoria.

Santiago de Compostela, 12 de febreiro de 2014
A Vicerreitoría de Investigación e Innovación